

*Disposición adicional*

Única.-A ampliación de crédito prevista no artigo único desta orde non afecta o prazo de presentación de solicitudes establecido na devandita Orde do 27 de outubro de 2009.

*Disposición derradeira*

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2010.

Samuel Jesús Juárez Casado  
Conselleiro do Medio Rural

**CONSELLERÍA DO MAR**

*Corrección de erros.-Orde do 3 de marzo de 2010 pola que se aproban os plans para a explotación de poliquetos en Galicia para o ano 2010 e se regula o seu exercicio.*

Advertido un erro na Orde do 3 de marzo de 2010, publicada no DOG nº 49, do 12 de marzo, pola que se aproban os plans de explotación de poliquetos en Galicia para o ano 2010 e se regula o seu exercicio, faise a oportuna corrección:

Cadro A: plans de explotación de poliquetos.

-Na páxina 3.344: provincia de Pontevedra, 3ª fila, C.P. Cambados:

Onde di: «especies: Am, Dn», debe dicir: «especies: Am, Dn, Hd».

*Orde do 7 de abril de 2010 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión de axudas para a realización de proxectos de promoción sociocultural e divulgación nas comunidades pesqueiras e no sector pesqueiro e se procede á súa convocatoria para o bienio 2010-2011.*

O desenvolvemento do sector pesqueiro artesanal está directamente unido á dinamización e promoción das comunidades pesqueiras que sustentan a actividade na medida en que se non hai comunidades que aposten por un desenvolvemento sustentable da actividade pesqueira, esta non ten futuro. É, xa que logo, unha necesidade promover a dinamización e a promoción sociocultural das comunidades de pescadores, mediante a interacción sinérxica de accións e

programas de sustentabilidade aplicados a diferentes aspectos da realidade social do pescador: económicos, sociais, ambientais, biolóxicos e culturais, para conseguir unha pesca responsable e sustentable e asegurar un futuro de benestar económico e dignidade social da profesión do pescador.

Un dos principais valores e riqueza das comunidades pesqueiras é o seu patrimonio sociocultural. Polo de agora boa parte deste patrimonio permanece oculto á sociedade en xeral; porén, a súa promoción constitúe un primeiro paso para acadar as condicións favorables de cara á dinamización social e ao seu desenvolvemento sustentable. Esta dinamización e promoción apóiase na realización de proxectos participativos de recuperación e divulgación patrimonial, formación sociocultural, educación ambiental e outros, co obxecto de contribuír a unha maior revitalización da comunidade pesqueira a partir do protagonismo do pescador e da súa cultura.

Coa posta en valor da cultura pesqueira acádase unha maior consideración social da profesión de pescador e coa participación activa do pescador mellórase a súa formación para executar un proxecto. Deste xeito créase un novo escenario máis propicio para afrontar outros proxectos de desenvolvemento pesqueiro con maiores garantías de éxito.

O propio feito de patrimonializar a cultura pesqueira no mesmo contexto onde se produce e tendo como axentes creadores e receptores seus os pescadores ou as súas organizacións, xera unha revalorización da súa propia identidade con efectos do incremento da súa autoestima e dignificación. A patrimonialización tamén constitúe unha oportunidade para que os pescadores teñan un espello onde mirarse na súa vertente positiva e tamén vexan as súas eivas. O proxecto debe xerar novos valores de cara á sustentabilidade ou reforzar os valores positivos existentes, e funcionar como unha auténtica escola de formación de como executar un proxecto de mellora colectiva. Esta mellora da formación do colectivo de traballadores do sector pesqueiro para acometer proxectos colectivos no seu porto é unha necesidade cada vez máis urxente nuns momentos en que este ten que asumir unha participación máis directa na xestión dos recursos pesqueiros.

Nesta formación, que atinxe cada vez máis áreas, xa que ten que atender aspectos non só técnicos e biolóxicos, senón económicos e de organización, os proxectos de promoción sociocultural son unha forma atractiva, que non provoca receos nin prexuízos e posibilita o adestramento dos participantes na xestión de proxectos colectivos.

O impacto que estes proxectos poden provocar nas comunidades depende non só da súa finalidade, senón que é necesaria nuns casos unha certa presenza temporal para que transcenda á comunidade e, noutros, unha dimensión suficiente para que a súa execución deixe unha pegada ou poida chegar á maioría dos membros da comunidade, ben pola súa

participación directa ou ben por percibir os efectos do proxecto. Esta pegada debe ser o suficientemente forte como para motivalos a continuar por si mesmos.

Por outra parte, a participación nos proxectos non debe entenderse limitada aos propios pescadores senón que ten que abrirse á sociedade, tanto a través da participación de entidades de tipo asociativo que exceden o ámbito pesqueiro como promotoras de proxectos, coma da implicación das empresas nos proxectos a través do seu apoio económico e institucional, como reflexo da responsabilidade social destas ante o seu contorno. Neste obxectivo, a inclusión do fondo de desafío como forma de ligar as empresas aos proxectos constitúe unha ferramenta que debe impulsar a vinculación destas co seu contorno. Por outra banda, o éxito da convocatoria do ano 2009 confirma a oportunidade desta liña de axudas, que permite aflorar novos recursos locais para a diversificación nas zonas de pesca.

Coa finalidade de lles dar continuidade a estes proxectos, é conveniente convocar axudas para incentivar a realización, por parte das entidades do sector e das comunidades de pescadores, de proxectos participativos de promoción sociocultural con finalidade formativa, turística, ambiental, cultural, social ou de recuperación de valores ou tradicións, con dimensión e proxección suficiente para contribuír á dinamización das comunidades pescadoras.

Polo exposto,

### DISPOÑO:

#### Artigo 1º.-*Obxecto.*

Convocar axudas destinadas á realización de proxectos de promoción sociocultural e de divulgación do sector pesqueiro conforme as normas contidas nesta orde, garantindo os preceptos legais de igualdade, concorrencia e publicidade.

As axudas, polo importe global máximo douscentos cincuenta mil seiscentos euros (250.600,00 euros) na anualidade de 2010, e de catrocentos trinta e cinco mil euros (435.000,00 euros) na anualidade de 2011, concederanse con cargo ao programa 722A e ás partidas orzamentarias 14.04.722.A.481.1 por importe de 50.600 euros e 14.04.722.A.780.0 por importe de 200.000 euros dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2010, e por importe de 135.000 euros e 300.000 euros, respectivamente, das correspondentes para a anualidade de 2011, para aquelas solicitudes con prazo de realización que supere o ano 2010.

#### Artigo 2º.-*Fins.*

Poderán acollerse a estas axudas os proxectos de actuación nos ámbitos que se relacionan:

1. Formación: que teñan como finalidade a formación de pescadores e de mulleres do sector pesqueiro en áreas de coñecemento relacionadas coa pesca

e a súa tecnoloxía, as novas tecnoloxías da información e da comunicación nos seus aspectos de aplicación á pesca e á navegación, as técnicas de xestión e as habilidades sociais, e naquelas dirixidas á diversificación económica das zonas dependentes da pesca en ámbitos vinculados co mar. Están excluídas aquelas que teñan como finalidade accións formativas que oferte a Administración en calquera das súas modalidades.

#### 2. Ambiente:

2.1. Que teñan como finalidade a formación en materia ambiental sobre o mar e a pesca, a divulgación sobre os valores e o uso sustentable de áreas litorais e sobre a pesca responsable.

2.2. Que teñan como finalidade a protección e conservación de áreas e espazos litorais e marítimos.

2.3. Que fomenten o uso de enerxías e tecnoloxías limpas e de materiais reutilizables e reciclables nas actividades pesqueiras e portuarias.

3. Patrimonio marítimo: que teñan como finalidade a conservación, restauración ou recuperación de elementos do patrimonio marítimo en xeral e da pesca en particular, tanto mobiliario coma inmobiliario, así como a súa posta en uso.

4. Iniciativas culturais vinculadas ao mar: que teñan como finalidade conservar, recuperar, divulgar ou afianzar a cultura marítima e pesqueira en calquera das súas manifestacións e creacións.

#### Artigo 3º.-*Beneficiarios.*

Poderán ser beneficiarios das axudas:

1. As confrarías de pescadores e as súas federacións, e as organizacións de produtores pesqueiros recoñecidas. As agrupacións ou asociacións de acuícultores, mariscadores ou outros profesionais do sector marítimo e pesqueiro e as súas federacións.

2. Asociacións declaradas de utilidade pública, fundacións e outras institucións sen ánimo de lucro que teñan como fin social algún dos do artigo 2º, que teñan a súa sede en Galicia e realicen a súa actividade nesta comunidade, sempre que desenvolvan o proxecto en colaboración ou con participación significativa de pescadores ou as súas organizacións, acreditada documentalmente.

Non poden ser beneficiarios: as persoas físicas, as empresas, as corporacións locais e as entidades con fins docentes tanto públicas coma privadas.

3. Cando a solicitude se presente mediante unha agrupación de entidades sen personalidade xurídica propia, deberán facerse constar expresamente, tanto na solicitude coma na resolución da concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, xunto coa sinatura de todos e cada un deles na solicitude que presenten, así como o importe da subvención para aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios. En calquera caso, deberá nomearse un

representante ou apoderado único da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, lle corresponden á agrupación. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 4º.-*Requisitos dos proxectos.*

Os proxectos candidatos a acollerse ás axudas deben cumprir os seguintes requisitos:

Ser de nova creación ou segundas fases ou de ampliación dos xa iniciados. Neste segundo caso, a fase ou ampliación debe estar especificamente definida e non coincidir en actividades coa anterior.

No caso de actuacións sobre inmobles, estas estarán ligadas a un uso posterior destes na finalidade do proxecto.

O orzamento do proxecto non debe ser inferior aos 15.000 euros.

O seu prazo de execución non poderá superar o 30 de novembro de 2011.

No caso de proxectos que impliquen intervencións sobre o patrimonio cultural ou natural que requiran da autorización da Administración autonómica para a súa execución, será necesario que as solicitudes veñan acompañadas da correspondente autorización ou compromiso de concedela e baixo que condicións.

En ningún caso poderán ter como finalidade actividades produtivas pesqueiras e de equipamento portuario.

O ámbito territorial de execución do proxecto non excederá o da Comunidade Autónoma.

Non poderán ser beneficiarios destas axudas os proxectos de realización de congresos, xornadas técnicas, reunións científicas ou similares, ou actos conmemorativos ou festivos, os que realicen promocións de produtos e festas gastronómicas, os que teñan como obxecto único a produción ou celebración de espectáculos ou os proxectos editoriais (publicación de libros, edición e realización de vídeos ou multimedia, etc.).

#### Artigo 5º.-*Contía e límites da axuda.*

As axudas concederanse, para os distintos proxectos, nas contías e cos límites máximos que se indican:

##### 5.1. Axuda concedible.

Un máximo de 96.000 euros coa seguinte distribución:

1. Os gastos de realización do proxecto nos termos en que sexa aprobado cun límite máximo de 90.000 euros, impostos non recuperables e outros gastos incluídos.

2. Un fondo adicional de ata 6.000 euros, para extensión do proxecto, se se dan as condicións establecidas no punto 5.2 deste artigo.

5.2. Fondo de desafío: os proxectos que así o soliciten poderán obter un fondo adicional de financiamento do proxecto dunha contía máxima fixada na resolución de aprobación e adjudicación do proxecto, sempre e cando consigan contribucións financeiras por outro tanto importe de empresas da zona que se impliquen desta maneira na realización do proxecto. Esta achega deberá acreditarse mediante escrito do doador no momento de presentar a solicitude e posterior xustificación de ingreso na conta bancaria do proxecto.

A concesión do fondo de desafío non pode condicionar a realización do proxecto e será dedicada a actuacións complementarias non coincidentes co proxecto principal, que serán indicadas expresamente na memoria da solicitude.

A existencia de compromisos de contribucións ao fondo de desafío será valorada para os efectos da concesión da axuda no momento da súa avaliación.

5.3. O financiamento do proxecto con recursos propios das entidades solicitantes será valorado, para os efectos da concesión da axuda, no momento da súa avaliación, tendo en conta a súa porcentaxe sobre o total. Non se considerará como financiamento con recursos propios o importe do IVE recuperable.

#### Artigo 6º.-*Gastos elixibles e non elixibles.*

6.1. Son gastos elixibles para os efectos de financiamento os seguintes:

-Os gastos de investimento en inmovilizado necesario para a execución do proxecto.

-Os gastos de contratación de servizos necesarios para a elaboración ou execución do proxecto.

-Os gastos do persoal de nova contratación, necesario para a realización do proxecto.

-Os gastos de funcionamento derivados do proxecto no período de execución.

-Os gastos derivados de convocatorias de premios concedidos pola entidade ou de apoio ao voluntariado, que se produzan como consecuencia da execución do proxecto.

En calquera caso, todos os gastos para os cales se solicita financiamento deberán estar descritos con precisión tanto en tipo como en contía, e debidamente explicados e/ou xustificados os elementos que determinaron a valoración, mediante achega documental ou normativa.

A comisión de avaliación poderá limitar a contía dos gastos elixibles que considere non xustificadas debidamente no proxecto, tanto en canto ao seu número como á súa valoración ou á súa necesidade.

6.2. Non son gastos elixibles os que se relacionan:

1. Os de adquisición de terreos ou inmobles e os de adquisición e/ou instalación de pantaláns de atracada.

2. Os de adquisición de vehículos, tractores, camiões, embarcacións e outros de transporte.

3. Os de adquisición de mobiliario, equipamentos informáticos e audiovisuais, que non estean claramente ligados ás finalidades do proxecto e xustificadas neste.

4. Os de material ou actividades promocionais e os de atencións protocolarias.

6.3. Os gastos correspondentes ao fondo de desafío poderán ter como finalidade a adquisición de terreos ou inmobles cando sexa necesaria para a realización do proxecto. O valor do ben adquirido deberase xustificar mediante taxación dun taxador independente debidamente acreditado e inscrito no correspondente rexistro oficial.

#### Artigo 7º.-*Compatibilidade da axuda.*

A percepción desta axuda poderá ser compatible con calquera outra que concedan as diversas administracións públicas para a mesma finalidade, sempre que o conxunto delas non supere o custo global de realización do proxecto.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, agás o establecido no parágrafo anterior, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

#### Artigo 8º.-*Presentación das solicitudes.*

As solicitudes axustaranse ao modelo que figura como anexo desta orde e deberán ser presentadas na oficina de Rexistro Único e Información da Xunta de Galicia ou nalgún dos seus rexistros auxiliares, ou por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web. Así mesmo, consonte o establecido no artigo 15 da Lei de 9/2007, de subvencións de Galicia, a dita relación será publicada no *Diario Oficial de Galicia*.

A solicitude e os anexos en formato electrónico poderán descargarse na web da Consellería do Mar ou solicitarse ao correspondente servizo.

#### Artigo 9º.-*Prazo.*

O prazo para a presentación de solicitudes será de 40 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

#### Artigo 10º.-*Documentación.*

Xunto coa solicitude deberá presentarse a seguinte documentación por duplicado (orixinal e copia), seguindo o modelo da ficha de proxecto anexo a esta orde:

##### 1. Documentación identificativa da entidade:

a) Fotocopia compulsada dos estatutos da persoa xurídica ou sociedade e documento que acredite a inscrición no Rexistro de Asociacións ou no rexistro que corresponda á entidade solicitante, se procede.

b) Certificación do órgano competente en que se especifique o acordo polo cal se lle concede autorización para presentar a solicitude ao asinante dela, onde figuren o nome, apelidos, DNI/NIF e relación coa entidade.

c) Se actuase en virtude de atribucións fixadas nos estatutos, indícarase así na solicitude, citando a disposición que recolle a competencia, e xuntárase certificación do órgano competente en que se acredite o desempeño actual do cargo e onde figuren o nome, apelidos e DNI/NIF do asinante.

d) Memoria descritiva da entidade solicitante e das parceiras copartícipes ou colaboradoras, que comprenda unha breve descrición do seu obxecto social, órganos de goberno, organización e relación de actividades do ano 2009, con inclusión do orzamento de ingresos e gastos.

##### 2. Fotocopia compulsada da tarxeta de identificación fiscal.

3. Certificación bancaria onde consten o titular, o número de conta e as claves do banco e da sucursal, así como o enderezo desta, para os efectos do pagamento da axuda.

4. Memoria, consonte o anexo II, que conteña unha descrición detallada do proxecto: finalidade, obxectivos, resultados esperados, persoal necesario, responsable deste, experiencia da entidade promotora, asesores e colaboradores externos, currículos das persoas que realizarán o proxecto, custo, calendario de realización e prazo global, continuidade do proxecto e calquera outro aspecto que se considere de interese. De solicitarse o fondo de desafío, indícarase a súa contía e que finalidade concreta ten na extensión do proxecto.

5. Orzamento, consonte o anexo III, que conteña unha descrición detallada dos custos de realización do proxecto agrupados por tipo de gasto, xustificadas mediante convenios colectivos de aplicación, orzamentos, facturas pro forma, valoracións técnicas ou documentos similares que permitan establecer o importe de cada gasto.

6. Proxecto técnico para a execución, se é necesario. En actuacións sobre inmobles presentárase un proxecto básico ou un anteprojecto valorado que permita unha definición exacta da intervención que se vai realizar.

7. Autorización da Administración pública competente, se é necesaria para a realización do proxecto.

8. Plan económico que indique de que maneira se vai financiar a realización do proxecto: parte que corresponde a recursos propios da entidade solicitante; axudas percibidas ou solicitadas, para o mesmo fin, procedentes doutras administracións (estatal, autonómica, local ou institucional). Forma de financiamento da actividade ata a súa finalización que posibilite a realización de pagamentos a provedores ata a recepción da axuda. Plan de viabilidade futuro.

9. Certificacións de estar ao día no cumprimento das obrigas fiscais e tributarias, estatais e autonómicas, e da Seguridade Social, así como de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma. A presentación da solicitude de concesión da axuda ou subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

10. Relación de entidades que participan ou colaboran na realización do proxecto, indicando o papel de cada unha delas na súa execución. Esta colaboración debe estar manifestada por escrito e constar por que órgano ou persoa foi autorizado o compromiso.

11. Declaración relativa a todas as subvencións concedidas ou solicitadas para o mesmo proxecto.

#### Artigo 11º.-*Tramitación e resolución.*

A Consellería do Mar, tendo en conta os orzamentos dispoñibles e os criterios de baremación, seleccionará, de entre os proxectos presentados, aqueles candidatos que recibirán a axuda. A tramitación das solicitudes será realizada polo Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar como instrutor do expediente.

A avaliación das solicitudes de axuda será realizada por unha comisión de avaliación formada polo subdirector xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, que a presidirá, e tres persoas designadas pola directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, da cal se dará conta nos taboleiros de anuncios da consellería, xunto cos proxectos seleccionados. Como secretario actuará un funcionario da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, designado pola súa titular.

A resolución de concesión das axudas solicitadas realizarase en dúas fases:

#### 1. Fase de instrución, selección e proposta.

Previamente á intervención da comisión, o instrutor revisará as solicitudes para comprobar que cumpren os requisitos da orde e se ateen a ela; se observa algunha deficiencia, concederánlle ao soli-

citante un prazo de dez (10) días para emendalas consonte o artigo 71 da Lei 30/1992. Transcorrido este prazo sen que se producise a emenda do expediente, terase por desistido da súa petición, logo da correspondente resolución. As solicitudes que se manteñan serán trasladadas á comisión de avaliación.

A comisión de avaliación poderá avaliar proxectos tal e como foron presentados, requirir documentación técnica ou informes complementarios aos devanditos proxectos, ou solicitar, se o considera de interese, a reformulación da solicitude para axustala aos requirimentos da norma ou da dispoñibilidade orzamentaria. Unha vez notificado este requirimento aos solicitantes, no prazo fixado na notificación, ou no máximo de quince (15) días naturais desde a recepción destas, deberán ser presentados os documentos complementarios e técnicos requiridos e as adaptacións propostas, sendo, se é o caso, os gastos realizados nesta fase imputables ao proxecto. Recibida esta documentación, o instrutor examinará e, de observar algunha deficiencia en relación co solicitado, propondrá o arquivo do expediente e terase por desistido da súa petición, logo da correspondente resolución.

#### 2. Fase de concesión.

Examinadas as solicitudes aceptadas, a comisión elevará a proposta de concesión onde figurará polo menos o nome ou a razón social do beneficiario, o nome abreviado do proxecto, a puntuación acadada na baremación, o importe global da axuda proposta e a súa desagregación por anualidades e aplicacións orzamentarias e o prazo de execución. Indicarase, pola súa vez, a contía do fondo de desafío que se propón que se lles conceda a aquelas solicitudes que inclúan a súa concesión.

Cando se trate de proxectos presentados por unha agrupación de entidades sen personalidade xurídica propia cos requisitos que derivan do artigo 3.3º, faranse constar expresamente na resolución da concesión os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe da subvención para aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios.

Esta proposta elevarase á conselleira do Mar, que ditará a pertinente resolución de concesión ou denegación da axuda, tendo en conta as prioridades e limitacións establecidas nesta orde, no prazo máximo de seis meses contados desde a publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Transcorrido o dito prazo sen que se ditase resolución expresa, as solicitudes deberán entenderse desestimadas. No prazo de dez (10) días, contados desde a notificación da resolución, os interesados deberán comunicar a aceptación ou rexeitamento da axuda nas condicións expresadas nela. Transcorrido este prazo sen producirse manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

Contra a resolución que se dite, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición perante a conselleira do Mar, no prazo dun (1) mes a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou de tres (3) meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo sexa o caso, ou recurso contencioso-administrativo, perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, ou de seis (6) meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, segundo os casos. Todo isto sen prexuízo de que os interesados poidan interpor calquera outro que consideren pertinente.

### 3. Delegación da facultade de concesión.

Consonte o establecido no artigo 7.3º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, delégase na directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro a resolución destas axudas.

#### Artigo 12º.-*Criterios obxectivos de prioridade.*

1. Os criterios de baremación que terá en conta a comisión de avaliación para a selección dos proxectos son os seguintes:

a) A calidade técnica do proxecto: ata 75 puntos. Para a súa valoración teranse en conta, polo menos, os seguintes aspectos do proxecto: definición de obxectivos e resultados esperados, claridade na memoria descritiva, interese e orixinalidade da proposta, participación dos pescadores na súa execución, detalle e xustificación do orzamento solicitado, complementariedade con outras actuacións na zona de desenvolvemento, viabilidade posterior do proxecto e equilibrio entre os medios empregados e o resultados previstos.

b) A súa localización: ata 15 puntos se se realizan en concellos dependentes da pesca e menores de 5.000 habitantes; ata 12 puntos se se realizan en concellos maiores de 5.000 e menores de 10.000 habitantes; ata 8 puntos se se realizan en concellos maiores de 10.000 e menores de 20.000 habitantes e ata 4 puntos se se realizan en concellos maiores de 20.000 habitantes.

c) A vinculación da entidade solicitante co sector marítimo e pesqueiro: ata 5 puntos.

d) A finalidade do proxecto en relación cos seus destinatarios: ata 10 puntos se son dirixidos aos activos da pesca extractiva e marisqueo; ata 8 puntos se son dirixidos a persoal vinculado co sector pesqueiro; ata 4 puntos se son dirixidos a escolares e ata 1 punto se son dirixidos a outros públicos.

e) O carácter innovador para a zona e que fomente o desenvolvemento local. Terase en conta o impacto causado en relación co orzamento: ata 10 puntos para aqueles que xeren empregos; ata 6 puntos para aqueles innovadores ou que teñan incidencia fóra do

sector pesqueiro e ata 3 puntos para aqueles dinamizadores dunha actividade.

f) O grao de cofinanciamento do proxecto polas entidades solicitantes: ata 10 puntos.

g) A consecución de contribucións ao fondo de desafío: 10 puntos.

h) A finalidade do proxecto: ata 10 puntos. Inicativas culturais vinculadas ao mar: ata 10 puntos; patrimonio marítimo: ata 8 puntos; ambiente: ata 8 puntos e formación: ata 4 puntos.

i) A utilización da lingua galega nas actividades desenvolvidas: 5 puntos.

#### Artigo 13º.-*Prazo de execución das actividades obxecto da axuda.*

O prazo en que debe ser realizada a actividade obxecto da axuda será fixado na resolución de concesión da axuda, sen que en ningún caso poida exceder o 30 de novembro de 2011.

Cando o prazo de realización sexa fixado en datas anteriores ao límite establecido no parágrafo anterior e o beneficiario considere que non pode rematar o proxecto dentro do prazo sinalado, antes de rematar este poderá solicitar unha prórroga expoñendo as razóns polas cales non pode cumprir co devandito prazo, e presentando unha pequena memoria onde se especifique o grao de realización da actividade subvencionada. A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ditará resolución pola que se aprobe ou denegue a prórroga solicitada; no caso de que sexa aprobada, non poderá exceder a data tope fixada para a realización da actividade obxecto da axuda. O incumprimento do prazo de execución dará lugar á revogación da concesión da axuda.

#### Artigo 14º.-*Control das actividades obxecto da axuda.*

Para os efectos de facilitar o control financeiro da axuda, os solicitantes comprométese a reflectir nunha conta específica da súa contabilidade os movementos correspondentes á axuda.

Os beneficiarios das axudas deberán realizar un informe intermedio sobre a marcha da execución do proxecto obxecto da axuda, transcorrida a metade do prazo de execución ou, en todo caso, en febreiro de 2011.

Os beneficiarios das axudas quedarán suxeitos tanto ás actuacións de comprobación que acorde a Consellería do Mar como ás de control financeiro que lle correspondan á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ás previstas na lexislación do Consello de Contas e do Tribunal de Contas. É obriga do beneficiario facilitar toda a información que lle sexa requirida por estes organismos para as súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

A Consellería do Mar reserva para si a facultade de realizar as comprobacións, inspeccións e controis

que considere oportunos, para verificar o cumprimento da finalidade da axuda.

Para tal fin, o beneficiario deberá comunicar por escrito as datas e horas de realización das actividades obxecto da axuda con prazo suficiente para poder efectuar as comprobacións que se consideren necesarias.

No suposto de que, unha vez notificada a resolución de concesión, houber algunha variación no calendario, nos prazos de execución da actividade sinalados na memoria de solicitude ou calquera outra modificación, será comunicada á Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro coa antelación suficiente para que poida realizar as comprobacións que considere necesarias para efectos de aprobar ou denegar a devandita modificación. Esta dirección xeral establecerá as medidas necesarias, para os efectos de facer a comprobación efectiva da realización das finalidades obxecto da axuda, consonte o establecido no artigo 30 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

#### Artigo 15º.-*Pagamento.*

##### 1. Pagamento da axuda.

O beneficiario deberá acreditar perante a entidade concedente a realización da actividade ou a adopción do comportamento, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinan a concesión ou o desfrute da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos nos artigos 28 e 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na normativa regulamentaria de desenvolvemento e no disposto nas bases reguladoras ou nos instrumentos de concesión.

O pagamento tramitarase logo da finalización da execución do proxecto no prazo sinalado na resolución de concesión, ou o que resultase como consecuencia da prórroga concedida; ou ben, se corresponde á primeira anualidade, en decembro do ano de concesión. Para tal efecto, o beneficiario deberá presentar na dirección xeral antes mencionada, dentro do prazo dun mes a partir da data de finalización do proxecto ou antes do 10 de decembro, se corresponde ao pagamento da primeira anualidade, a seguinte documentación por duplicado (orixinal e fotocopia):

a) Memoria simple de realización do proxecto, onde consten as incidencias que puideren darse na súa execución, o grao de cumprimento dos obxectivos marcados na memoria de presentación do proxecto e outros aspectos de interese, á cal se xuntará a documentación relacionada coa actividade, tal como programas, folletos, notas de prensa e outros, polo menos en dúas copias orixinais.

b) Facturas por duplicado, orixinal ou fotocopias compulsadas, dos gastos realizados, acompañadas dos correspondentes xustificantes bancarios do pagamento das ditas facturas, xunto cunha relación delas cos importes agrupados polos conceptos que se

describiron na memoria de solicitude. No caso de pagamentos de salarios, gratificacións, etc., deberá constar a retención correspondente polo IRPF e achegarse o xustificante de ingreso na Facenda pública.

c) Declaración responsable en que se expresen as axudas solicitadas, concedidas ou percibidas, para o mesmo fin, por calquera organismo estatal, autonómico, local ou institucional.

d) Certificacións xustificativas de que os beneficiarios están ao día das súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e da Seguridade Social, de que non sexan debedores en virtude de resolución declarativa da procedencia de reintegro ou non teñan débeda ningunha, por calquera concepto, coa Administración da comunidade autónoma, ou documento que indique que se encomenda a comprobación á Administración.

e) Polo menos cinco (5) exemplares de todo o material impreso ou publicado e unha reportaxe de fotografías da realización do proxecto en formato dixital, con indicación da data e do evento a que corresponde.

Na xustificación da axuda, cando o importe do gasto unitario supere a contía de 30.000 euros, no caso de execución de obras, ou de 12.000 euros, no caso de subministración de bens ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá presentar, como mínimo, as tres ofertas de diferentes provedores, solicitadas con anterioridade á contratación. A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente na memoria xustificativa a elección cando non recaia na proposta máis económica.

A Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro certificará a execución completa das actividades obxecto da axuda despois de realizar as comprobacións oportunas.

A non presentación da xustificación da realización da actividade obxecto da axuda no prazo marcado será motivo da súa revogación.

O pagamento da primeira anualidade terá carácter de ingreso á conta e estará condicionada a súa consolidación á finalización das actuacións obxecto da axuda, de conformidade coa solicitude formulada e tras a conformidade da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro. No caso de o solicitante non cumprir cos requisitos exixidos ou cos requirimentos recibidos, estará obrigado a proceder ao reintegro da axuda nos termos previstos nos artigos 33 e 38 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

##### 2. Pagamento do fondo de desafío.

Para o pagamento do fondo de desafío deberá achegarse a documentación referida a este, que se relaciona nas alíneas a) e b) do punto 1 anterior, así

como os documentos e certificados indicados nas alíneas c) e d), sempre que non se xustifique conxuntamente co principal da axuda. De ser necesaria a adquisición dun ben inmovible con cargo ao fondo de desafío, xuntarase a escritura de compra-venta ante notario.

3. O incumprimento das condicións impostas con motivo da concesión das subvención daría lugar á redución proporcional da cantidade para percibir polo beneficiario. Se o incumprimento é tal que impide a consecución da finalidade global da axuda, daría lugar á revogación da axuda e a reintegrar os importes recibidos, se é o caso.

*Artigo 16º.-Pagamentos á conta e anticipados. Presentación de garantías.*

Poderán realizarse pagamentos á conta ata un máximo do 80% do importe da axuda ou pagamentos anticipados de ata un máximo do 20% do importe concedido, consonte o establecido nos artigos 62 e 63 do Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Conforme o establecido no artigo 65.1º, último parágrafo, en relación co 67.4 do Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, está exento da obriga de constituír garantías aos pagamentos á conta.

*Artigo 17º.-Outras condicións.*

1. En toda a documentación publicada relacionada coas actividades obxecto da axuda ou no acceso de inmobles farase constar a frase «Esta actividade foi realizada cunha axuda económica da Consellería do Mar» en lugar visible.

2. A subcontratación das actividades subvencionadas polos beneficiarios axustarase ao disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. Os rendementos financeiros que se xeren polos fondos librados aos beneficiarios incrementarán o importe da subvención concedida e aplicaranse igualmente á actividade subvencionada.

*Artigo 18º.-Obriga de reintegro.*

O beneficiario que incumpra as condicións de concesión da axuda está obrigado a reintegrar o importe total ou parcial da axuda percibida, segundo corresponda, consonte o establecido no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

*Artigo 19º.-Infraccións e sancións.*

As actuacións dos beneficiarios en relación coas axudas obxecto desta orde están sometidas ao réxime de infraccións e sancións do título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

*Artigo 20º.-Autorizacións do beneficiario.*

A presentación da solicitude de concesión de axuda ou subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para incluír e facer público nos rexistros de axudas, subvencións, convenios e sancións os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas así como ás sancións impostas consonte o regulado no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Así mesmo, a presentación da solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, de estar ao día e non ter débedas de natureza tributaria ou coa Seguridade Social.

*Artigo 21º.-Información aos interesados.*

Sobre este procedemento administrativo, que ten o código PE-604A, poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Consellería do Mar, a través dos seguintes medios:

a) Páxina web oficial da consellería:

<http://conselleriamar.xunta.es/web/pesca/intro-servizos>

b) Teléfono 981 54 61 76 da devandita dirección xeral.

c) Por correo electrónico ou presencialmente no Servizo de Desenvolvemento Pesqueiro.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-Facúltase a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro para ditar as resolucións necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-No non previsto nesta orde observarse o que establece o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro; o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e os do seu regulamento de execución, e a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Terceira.-Esta orde producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2010.

Rosa Mª Quintana Carballo  
Conselleira do Mar



**XUNTA DE GALICIA**  
**CONSELLERÍA DO MAR**  
 Dirección Xeral de Desenvolvemento  
 Pesqueiro

## ANEXO I

Rúa dos Irmandiños, s/n - Salgueiriños  
 15701 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
 Teléfono 981 54 61 77 - Fax 981 54 61 38

PROCEDEMENTO <b>AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE PROXECTOS DE PROMOCIÓN          SOCIOCULTURAL E DIVULGACIÓN NAS COMUNIDADES          PESCADORAS E NO SECTOR PESQUEIRO</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>PE604A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

## DATOS DO/A SOLICITANTE

NOME		NIF/CIF	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	TELÉFONO	FAX
CORREO ELECTRÓNICO			

## E na súa representación:

NOME		NIF	
ENDEREZO		PROVINCIA	
CÓDIGO POSTAL	LOCALIDADE	TELÉFONO	FAX
CORREO ELECTRÓNICO			

## DATOS BANCARIOS

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DA SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
NOME		ENDEREZO (RÚA E NÚMERO)	
PROVINCIA	CONCELLO		CÓDIGO POSTAL

## DATOS DO PROXECTO

<b>Nome curto:</b> _____  <b>Título:</b> _____  <b>FINALIDADE:</b> <input type="checkbox"/> Ambiente <input type="checkbox"/> Formación <input type="checkbox"/> Patrimonio marítimo <input type="checkbox"/> Iniciativas culturais	<b>ZONA OU LUGAR DE REALIZACIÓN:</b> _____ <b>ENTIDADES PARTICIPANTES:</b> _____  <b>ORZAMENTO TOTAL:</b> _____ <b>IMPORTE DA AXUDA SOLICITADA:</b> _____ <b>FONDO DE DESAFÍO:</b> <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NON <b>IMPORTE DO FONDO DE DESAFÍO:</b> _____
---	--

## AUTORIZO O ÓRGANO XESTOR:

-A obter dos organismos competentes os certificados de que a entidade que represento está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e sociais e non ten débedas pendentes de pagamento á Xunta de Galicia.  
 -A facer públicos nos rexistros do artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, se é o caso.

-A publicar, en virtude do artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, na páxina web da consellería, o feito de ser beneficiario dunha axuda e o seu importe, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos do beneficiario.

**DECLARO:** non estar incurso en ningunha das causas de prohibición establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo/a de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro (o enderezo figura ao pé desta solicitude).

## LEXISLACIÓN APLICABLE

*Orde do 7 de abril de 2010 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión de axudas para a realización de proxectos de promoción sociocultural e divulgación nas comunidades pescadoras e no sector pesqueiro e se procede á súa convocatoria para o bienio 2010-2011.*

## SIGNATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

Lugar e data

, de de

## (Para cubrir pola Administración)

## RECIBIDO

## REVISADO E CONFORME

## NÚMERO DE EXPEDIENTE

## DATA DE ENTRADA

## DATA DE EFECTOS

## DATA DE SAÍDA

ANEXO II

CONVOCATORIA DE PROXECTOS DE PROMOCIÓN SOCIOCULTURAL E DIVULGACIÓN NAS COMUNIDADES PESCADORAS E NO SECTOR PESQUEIRO (2010-2011)

FICHA DO PROXECTO

Solicitude número

I. DATOS DA ENTIDADE SOLICITANTE

1. Nome, sede social, composición ...

NOME DA ENTIDADE <input style="width: 95%; height: 15px;" type="text"/>		CIF <input style="width: 50%; height: 15px;" type="text"/>
ENDEREZO <input style="width: 95%; height: 15px;" type="text"/>		DATA DE CONSTITUCIÓN <input style="width: 50%; height: 15px;" type="text"/>
POBOACIÓN <input style="width: 80%; height: 15px;" type="text"/>	PROVINCIA <input style="width: 80%; height: 15px;" type="text"/>	CÓDIGO POSTAL <input style="width: 30%; height: 15px;" type="text"/>
TELÉFONO <input style="width: 80%; height: 15px;" type="text"/>		FAX <input style="width: 30%; height: 15px;" type="text"/>
PÁXINA WEB <input style="width: 95%; height: 15px;" type="text"/>		CORREO ELECTRÓNICO <input style="width: 95%; height: 15px;" type="text"/>

Ámbito de actuación:       autonómico       provincial       comarcal       local

outro, indicar cal:

1.1. Representante legal

APELLIDOS <input style="width: 80%; height: 15px;" type="text"/>	NOME <input style="width: 80%; height: 15px;" type="text"/>	DNI <input style="width: 30%; height: 15px;" type="text"/>
TELÉFONO <input style="width: 30%; height: 15px;" type="text"/>	FAX <input style="width: 30%; height: 15px;" type="text"/>	CORREO ELECTRÓNICO <input style="width: 80%; height: 15px;" type="text"/>
CARGO <input style="width: 95%; height: 15px;" type="text"/>		

1.2. Outras institucións que participan no proxecto:

**II. PROXECTO****FINALIDADE DO PROXECTO:** Formación Ambiente Patrimonio marítimo Iniciativas culturais vinculadas ao mar**1. Identificación****1.1. Nome curto: (máximo 10 caracteres)**

Nome completo:

**1.2. Ámbito de actuación do proxecto:****1.3. Resumo da memoria do proxecto:****1.4. Fondo de desafío:**Solicitase:  SI  NON

Finalidade:





**2.1.3. Fondo de desafío:**

**2.1.3.1. Importe:**

**2.1.3.2 Orzamento detallado do fondo de desafío:**

--

**2.2. Financiamento do proxecto:****2.2.1. Importe solicitado á consellería:****2.2.2. Contribución da entidade solicitante (recursos propios da entidade):****2.2.3. Outras fontes de financiamento (entidades colaboradoras e outras axudas):****2.2.4. Empresas cofinanciadoras do fondo de desafío:****2.4. Plan económico de viabilidade e continuidade (unha vez finalizado o financiamento da consellería):**

**3. Outros datos que considere de interese a entidade solicitante:**

--

**III. DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA A ESTA FICHA DE PROXECTO:**

- 1.- FOTOCOPIA COMPULSADA DO DNI DO ASINANTE DA SOLICITUDE
- 2.- FOTOCOPIA COMPULSADA DOS ESTATUTOS DA PERSOA XURÍDICA OU SOCIEDADE
- 3.- CERTIFICACIÓN DO ÓRGANO COMPETENTE DO ACORDO POLO QUE SE CONCEDE AUTORIZACIÓN PARA FACER A SOLICITUDE
- 4.- CERTIFICACIÓN DO ÓRGANO COMPETENTE EN QUE SE ACREDITE O DESEMPEÑO ACTUAL DO CARGO DO ASINANTE
- 5.- MEMORIA DESCRITIVA DA ENTIDADE SOLICITANTE E DAS COPARTÍCIPIES OU COLABORADORAS
- 6.- FOTOCOPIA COMPULSADA DA TARXETA DE IDENTIFICACIÓN FISCAL
- 7.- FOTOCOPIA COMPULSADA DO DOCUMENTO QUE ACREDITE A INSCRICIÓN NO REXISTRO DE ASOCIACIÓNS, SE É O CASO
- 8.- CERTIFICACIÓN BANCARIA
- 9.- MEMORIA EXTENSA DO PROXECTO
- 10.- PROXECTO TÉCNICO PARA A EXECUCIÓN, SE É NECESARIO
- 11.- AUTORIZACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA COMPETENTE SE É NECESARIA PARA A REALIZACIÓN DO PROXECTO
- 12.- PLAN ECONÓMICO DE DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO
- 13.- CERTIFICACIÓNS DE ESTAR AO DÍA NO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS FISCAIS E TRIBUTARIAS, ESTATAIS E AUTONÓMICAS, E DA SEGURIDADE SOCIAL, OU AUTORIZACIÓN PARA QUE A ADMINISTRACIÓN POIDA COMPROBALO
- 14.- RELACIÓN DE ENTIDADES QUE PARTICIPAN OU COLABORAN NA REALIZACIÓN DO PROXECTO
- 15.- DECLARACIÓN RELATIVA A TODAS AS SUBVENCIÓNS CONCEDIDAS OU SOLICITADAS, PARA O MESMO PROXECTO, E O CUMPRIMENTO DO ESTABLECIDO NA LEI 9/2007, DO 13 DE XUÑO, DE SUBVENCIÓNS DE GALICIA
- 16.- OUTRAS:

--

**CONFORMIDADE DA ENTIDADE SOLICITANTE**

Don/Dona , como

representante legal da entidade solicitante, manifesta coñecer e aceptar as bases da CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA A REALIZACIÓN DE PROXECTOS DE PROMOCIÓN SOCIOCULTURAL E DIVULGACIÓN NAS COMUNIDADES PESCADORAS E NO SECTOR PESQUEIRO (2010-2011) e garante a veracidade das informacións incluídas nesta solicitude, comprometéndose a comunicarlle inmediatamente á consellería calquera cambio que afecte os datos consignados.

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, autorizo a consellería para o tratamento informático necesario dos datos do proxecto e dos beneficiarios e a publicar na súa páxina web oficial a concesión de axudas, a relación dos beneficiarios e o importe da axuda concedida.

Así mesmo, autorizo a Consellería do Mar para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, de estar ao día e non ter débedas.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

(Sinatura e selo)

Asdo.:

ANEXO III

CONVOCATORIA DE PROXECTOS DE PROMOCIÓN SOCIOCULTURAL E DIVULGACIÓN NAS COMUNIDADES PESCADORAS E NO SECTOR PESQUEIRO (2010-2011)  
FICHA DE ORZAMENTO DOS GASTOS DE PERSOAL

DURACIÓN DO PROXECTO:  MESES

CUSTOS SALARIAIS

Denominación do posto de traballo	Titulación requirida	Salario/mes	Nº de pagas ano	Importe anual	% Seg. Social	Importe Seg. Social	Custo salarial anual	Custo salarial por mes	Duración do contrato en meses	Nº de persoas	Importe total
			14								
			14								
			14								
			14								
			14								
			14								
<b>Totais</b>											

OUTROS GASTOS DE PERSOAL

Denominación do posto de traballo	Nº de persoas	Axudas de custo				Quilometraxe			Total										
		Importe da axuda de custos	Nº no mes	Importe mensual	Tempo no proxecto en meses	Importe axudado de custo	Importe quilómetro	Nº de km mes		Importe no mes	Tempo no proxecto en meses	Importe quilometraxe							
<b>Totais</b>																			

Denominación do posto de traballo	Outros desprazamentos		
	Concepto	Nº no proxecto	Importe
<b>Totais</b>			

Lugar e data

, de de

Asdo:

FICHA DE ORZAMENTO DO PROXECTO

Epígrafe	Concepto	Importe	Importe concepto	Importe epígrafe
<b>1. Gastos de funcionamento</b>				
1.1.	Gastos de persoal			
	Custos salariais: salarios			
	Outros:			
	Axudas de custo			
	Desprazamentos			
	Outros gastos de viaxe			
1.2.	Gastos operativos			
	Material de oficina			
	Comunicacións			
	Teléfono			
	Correo			
	Outros			
	Enerxía e combustibles			
	Limpeza e aseo			
	Outros gastos: (especificar)			
<b>Total orzamento gastos de funcionamento</b>				

<b>2. Investimentos</b>				
2.1.	Obras (enumerar cada unha)			
2.2.	Compras de material e equipamento (enumerar cada unha)			
2.3.	Servizos e asistencia técnica (enumerar cada un)			
<b>Total orzamento investimentos</b>				

<b>Importe proxecto</b>				
-------------------------	--	--	--	--

Lugar e data \_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo.: \_\_\_\_\_

